

# GLOSARIO:

## DEREITOS DA INFANCIA

### C

#### - **Convención sobre os Dereitos do Neno:**

A Convención sobre os Dereitos do Neno é un tratado internacional das Nacións Unidas que reconece que todas as persoas menores de 18 anos teñen dereito a ser protexidas, desenvolverse e participar activamente na sociedade, establecendo que os nenos e nenas son suxeitos de dereito. Foi adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989. Foi ratificada por todos os países do mundo menos tres (Somalia, Estados Unidos e Sudán do Sur).



Bandeiras dos países membros das Nacións Unidas- © UN Photo/Jean-Marc Ferré

#### - **Convención, convenio ou tratado:**

Son acordos asinados entre países, entre organizacións internacionais (como as Nacións Unidas o a Unión de Estados Africanos) ou entre países e organizacións internacionais. O seu obxectivo é establecer pactos que sexan respectados legalmente nos países que asinan e ratifican o acordo.

#### - **Comité dos Dereitos do Neno:**

É un grupo de persoas encargadas de supervisar se os Estados que firmaron e ratificaron a Convención sobre os Dereitos do Nenos cumpren coas súas obrigas de protexer os dereitos da infancia.

#### - **Conflicto de dereitos:**

Situación que se produce cando o exercicio dos dereitos de unha ou máis persoas limita os dereitos doutras. Un exemplo é cando se espía a unha persoa (vulnerando o seu dereito á intimidade) por se puidera ser perigoso para outras (dereito á seguridade). Tamén pode haber conflitos entre as tradicións dun grupo (dereitos culturais) e os dereitos dos individuos. Por exemplo isto é o que ocorre coa ablación e outras prácticas tradicionais daniñas para a infancia.

# D

## - Dereitos Humanos:

Conxunto de dereitos comúns a todos os seres humanos dende o seu nacemento, independentemente das garantías legais que o seu país ofrezca. Os Dereitos Humanos baséanse en dous valores fundamentais: a igualdade e a dignidade humana. Os Dereitos do Neno son tamén Dereitos Humanos.

## - Declaración de Dereitos do Neno:

Antes de que existise a Convención sobre os Dereitos do Neno, o único documento internacional que recoñecía a existencia dos dereitos da infancia era a Declaración de Dereitos do Neno. A diferenza da Convención, non tiña valor legal para os países que a asinaban. A primeira asinouuse en 1924 e logo ampliouse en 1946 e 1959.

## -Dereitos de primeira xeración:

Son os dereitos civís e políticos, e baséanse no principio de liberdade.

## -Dereitos de segunda xeración:

Son os dereitos económicos e sociais, e baséanse no principio de igualdade.

## -Dereitos inalienables.

Ao igual que os Dereitos Humanos, os Dereitos do Neno son inalienables. Isto significa que non podes perdelos porque están ligados á existencia humana. En circunstancias particulares algúns poden ser suspendidos ou restrinxidos. Por exemplo, se alguén é responsable dun crime, pode ser privado da súa liberdade.

## -Dereitos indivisibles, interdependentes e interrelacionados:

Os Dereitos da Convención sobre os Dereitos do Neno están intrinsecamente conectados e non poden ser vistos de forma separada un de outro. O goce dun dereito depende de moitos outros dereitos e ningún dereito é máis importante co resto.

## -Dereitos universais:

Os Dereitos do Neno son universais, o que supón que son aplicables, por igual, a todos os nenos e nenas en calquera lugar do mundo e sen límite de tempo. Cada neno ou nena ten dereito a gozar dos seus dereitos sen discriminación por cuestións de raza, cor, sexo, idioma, relixión, políticas, orixe, nacemento, etc.

## -Dereitos naturais:

Os dereitos naturais adquiñense ao nacer, son propios da condición humana e fundaméntanse na dignidade de todas as persoas. Son distintos dos dereitos positivos, que se basean só nas leis e non son comúns a todos os humanos dende o seu nacemento. Por exemplo, o dereito a non ser escravo é un dereito natural, pero o dereito a ter un mes de vacacións é un dereito positivo.



Consello de Dereitos Humanos - © UN Photo/Jean-Marc Ferré

### -Dereitos civís

Os dereitos civís proporcionan as garantías mínimas da integridade física e moral e permiten aos individuos o seu propio ámbito de conciencia e crenzas: por exemplo, os dereitos de igualdade e liberdade, liberdade de culto e de expresar a propia opinión e o dereito a non ser torturado ou asasinado.

### -Dereitos legais:

Proporcionan protección de procedemento ás persoas ao tratar co sistema político e legal: por exemplo, protección fronte ao arresto e detención arbitrarios, o dereito a ser considerado inocente ata ser declarado culpable por un tribunal de xustiza e o dereito de apelación. Os menores de idade non teñen autonomía legal para a maioría de contratos e trámites legais, pero teñen dereito a ser representados por adultos que defendan os seus intereses. Ademais, en caso de conflito coa lei, os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a unha protección especial en caso de ser detidos, xulgados ou reclusos.

### -Dereitos políticos:

Os dereitos políticos son necesarios para participar na vida da comunidade e da sociedade: por exemplo, o dereito ao voto, a pertencer a partidos políticos, a reunirse libremente e asistir a reunións, a expresar a opinión propia e a ter acceso á información. Os menores de idade non poden votar ou afiliarse a partidos políticos, pero a Convención si recoñece o seu dereito a opinar sobre os temas que lles afectan, a acceder a información axeitada e a reunirse e asociarse.

### -Dereitos sociais:

Son aqueles que son necesarios para a plena participación na vida da sociedade. Inclúen, polo menos, o dereito á educación e o dereito a ter unha familia pero tamén moitos dos dereitos frecuentes considerados como dereitos "civís": por exemplo, o dereito á diversión, á saúde e a intimidade e a ausencia de discriminación.



A Convención sobre os Dereitos de Neno protexe por igual a todos os nenos e nenas do mundo.

© UNICEF/NYHQ2008-1796/Giacomo Pirozzi

### -Dereitos económicos:

Os dereitos económicos inclúen o dereito ao traballo (para os adultos), a un nivel de vida axeitado, a unha vivenda e o dereito a unha pensión se se é unha persoa da terceira idade, orfa ou discapacitada. Os dereitos económicos reflicten o feito de que un mínimo grao de seguridade material é necesario para a dignidade humana. No mundo a pobreza é a causa de que moitos nenos e nenas perdan dereitos como a educación, a saúde, a protección fronte á explotación ou a propia supervivencia.

### -Dereitos culturais:

Os dereitos culturais refírense ao “modo de vida” dunha comunidade e frecuentemente pónselles menos atención que a moitos dos outros tipos de dereitos. Inclúen o dereito a participar libremente na vida cultural da comunidade. Non obstante non son dereitos secundarios, sobre todo no caso das minorías culturais e étnicas, xa que están ligados co dereito á non-discriminación. A Convención reconece o dereito dos nenos e nenas indíxenas a desenvolverse no seu ambiente cultural e a non ser discriminados e tamén reconece o dereito a estudar na propia lingua materna.



Eleanor Roosevelt mostra unha das primeiras copias da Declaración de Dereitos Humanos (1949) - © UN Photo

### -Dereitos de terceira xeración (dereitos colectivos):

A idea fundamental dos dereitos de terceira xeración é a solidariedade. Os dereitos específicos que son máis frecuentes incluídos na categoría de dereitos de terceira xeración son o dereito ao desenvolvemento, á paz, a un ambiente saudable, a participar na explotación da herdanza común da humanidade, á comunicación e á asistencia humanitaria.

## E

### -Estado parte:

Cada un dos países que asina un tratado (acepta o seu contido e apóiao) e o ratifica (comprométese a modificar as súas leis para adaptalas ao tratado).

## P

### -Protocolos facultativos:

Despois da entrada en vigor da Convención sobre os Dereitos do Neno redactáronse documentos anexos que aumentan a protección da infancia nunha área específica. Hai tres: o Protocolo facultativo da Convención sobre os Dereitos do Nenos relativo á venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenos na pornografía (ratificado por 167 países), o Protocolo facultativo da Convención sobre os Dereitos do Nenos relativo á participación de nenos nos conflitos armados (ratificado por 156 países) e o Protocolo Facultativo da Convención sobre os Dereitos do Nenos relativo ao procedemento de comunicacións (ratificado por 11 países).